

# FARO DA CULTURA

nº 149 • Xoves, 19 de xaneiro de 2006

Coordina: Xosé Ramón Pena

Ás veces, a arte especula e acerta. *Un mundo feliz*, de Aldous Huxley, é unha proba diso. George Orwell, en 1984, adiantouse ao poder controlador da sociedade informatizada. Pero a arte non só participa das especulacións sobre o futuro, tamén presta a súa linguaxe para difundir mitos e teorías. Entre os relatos medievais bíblicos sobre a creación e as metáforas visuais que nos achega a tecnoloxía sobre a estrutura do universo, as galaxias e as simulacións do Big Bang, hai unha grande diferenza. Carl Yung dixó que a invención de mitos, dende o encadre persoal e social, está en constante evolución. Esta dobre dimensión, a persoal e a social, aporta perspectiva sobre os medios e os fins da arte, aínda que permite a convivencia de diferentes ámbitos de actuación; é dicir, en-

tre os soportes tradicionais, como o cadro ou o libro, e os novos soportes informáticos. As ideas catastrofistas sobre os medios tradicionais son unha obsesión que se desfai ao considerarmos o eixe individual e o social do percorrido da vida. É tan incuestionable a importancia do fluxo da arte a través das novas tecnoloxías coma a necesidade da experiencia íntima do seu consumo.

A tecnoloxía ten hoxe unha tarefa moi activa na construción dos nosos novos mitos. Dese xeito, permite, máis que nunca, erguer a nosa historia e achéganos imaxes das máis complexas teorías científicas e tamén daqueles aspectos da realidade descoñecida. A técnica ofrece á sociedade unha visión intelixible do saber e abre a linguaxe da ciencia á metáfora visual. Dende este punto de vista, o traballo interdisciplinario entre arte, tecnoloxía e ciencia ten unha función social de incalculable valor. Fóra desta área aplicada, os profesionais da arte incorporan novos soportes á súa actividade e aparecen os technoartistas, videoartistas e numerosos especialistas. Algúns analistas da arte falan de crise dos soportes e linguaxes. Sosteen que os modos tradicionais están en decidida decadencia. Non obstante, esta aceveración non se corresponde coa realidade dos

artistas que non ven nos soportes un fin, senón un medio. Esta confusión parece atinxir, porén, máis aos xestores da arte que aos propios artistas, que recoñocen a diversidade dentro da dobre dimensión da experiencia da arte, a persoal e a social.

O certo é que a relación entre arte, ciencia e tecnoloxía se fai cada vez máis flexible. Multiplicanse os simposios e actividades que chaman a participar a artistas, biólogos, matemáticos, neurocientíficos, sociólogos e lingüistas. Un bo exemplo disto que estamos a comentar vén ser o proxecto "Banquete: comunicación en evolución", que tivo lugar en Madrid en febreiro no centro Conde-Duque. Nesta edición, os argumentos foron os habituais da postmodernidade. Os soportes, os novos e as imaxes, as de sempre. A relación entre arte e técnica é na actualidade moi visible nalgúns xéneros, aínda que sempre existiu. Para os gregos non había distinción entre a práctica artística e máis a técnica. No Renacemento, Leonardo exemplifica a fusión entre arte, ciencia e técnica. A química, a partir do século XVIII, aportou novos pigmentos. No século XX atopamos o acrílico e as novas ferramentas informáticas. Nesta

## Das relacións artístico-tecnolóxicas

MARCELA SANTORUM

relación houbo tamén distanciamentos temporais: así, no XIX artistas e científicos tentaron construír culturas diferentes, e a explicación mecanicista do universo foi unha fronteira entre elas. Pero o desenvolvemento da nova física desterroa a posibilidade de ofrecer un mundo ordenado e mensurable, como aspiraba o racionalismo. O empirismo rendeu ante a perspectiva biolóxica. Hoxe, a ciencia achégase ás cuestións sociais e éticas e tamén a novas formas de coñecemento.

A ciencia especula e ás veces acerta. Diante desta realidade, os xestores da arte que, obsesionados coas novas tecnoloxías confunden os medios cos fins, deberían lembrar que incluso na ciencia, as posicións e as teorías son provisionais.

# Mundos provisionais

\* "CANTOS NA MARÉ": ENTREVISTA  
CON UXÍA SENLLE / Páx. III

\* MARGARET BOURKE-WHITE:  
IMAXES DUN SÉCULO / Páx. VI

\* UNIVERSO HEMP: BRASIL,  
HIP-HOP, BRASIL... / Páx. VIII

Un dos cineastas máis en forma dos últimos anos, Clint Eastwood, dixo unha vez: "O jazz e as películas clásicas son a aportación artística máis importante dos EEUU ao século XX". De certo, somos moitos os que apoiamos esta idea, e por iso resulta interesante analizar a unión destes dous estilos a través dun nexo común: o cinema.

Moitas veces os directores e mais os guionistas do cine recorreron ao mundo do Jazz para buscar temas de interese para os seus filmes; os comportamentos sociais e as condutas autodestructivas que marcaron a moitos dos grandes músicos deste estilo foron empregados en diferentes oportunidades. Xentes como é o caso de Chalie Parker, Chet Baker ou Miles Davis representan un verdadeiro filón para avezados guionistas que queiran falar de droga, éxito, fracaso, amor/desamor... todo un coctel dramático estupidamente aderezado cunha banda sonora de jazz.

No comenzo da década dos 50, os grandes estudos de Hollywood empregaron a fórmula do Biopic para narrar a vida de grandes jazzman como Benny Goodman, Glen Miller, Gene Krupa e moitos outros. Todos estes músicos prestaron que as súas vidas fosen levadas á gran pantalla co resultado de películas insulsas onde se ofrecían ao espectador os tópicos do "soño americano": protagonista saído da pobreza que é quen de acadar o éxito; isto é, o personaxe do "self made man". Otto Preminger logrou captar

Entre o Cinema e o Jazz

FRAN F. JALDA

esa enerxía decadente e, ao mesmo tempo, cargada de esperanza que rezumaban bastantes músicos pola aquela época; o seu filme *O home do brazo de ouro* (1955) mostra un batería de jazz, encarnado estupendamente por Frank Sinatra, atrapado no mundo da droga, que daquela estaba moi vinculado ao mundo da música e dos night-clubs.

O cinema e o Jazz comezaban a tender pontes entre sí; Duke Ellington fai a banda sonora doutro film de Preminger, *Anatomía dun asasinato*. (1959); o famoso pianista aparece xunto a James Stewart no trailer orixinal da fita. Sonny Rollins, un dos mellores saxo tenor da historia do jazz, - para moitos só comparable á etapa clásica de J. Coltrane - compón o tema principal de *Alfie* (1966), e o gran Henry Mancini entrega a música de *Sede de mal* (1957), obra xenial do "cine negro", dirixida por Orson Welles.

A cantante Peggy Lee e mais o magnífico saxofonista Dexter Gordon foron nomeados a diferentes premios polas súas interpretacións en filmes que trataban sobre jazz. Gordon daba vida a un saxofonista no film de Tavernier, onde aparecen figuras coma Herbie Hancock, John McLaughlin e Pierre Michelot. Pero non sería ata 1988, con *Bird*, película de Clint Eastwood cando a crítica e mais o público tiveron en conta un film sobre jazz. O director de *Sen perdón* sorprendou a propios e estraños co seu film sobre o malogrado Char-

lie Parker, a caída libre do creador do estilo coñecido coma "Bep-Bop" serviu de referencia para trazar unha fita escura e decadente, rodada case todo en interiores e con pouca luz: un perfecto reflexo da personalidade de Bird, un músico capaz de romper con todo o estilo clásico do jazz, pero, ao mesmo tempo, incapaz de fuxir dun destino tráxico marcado polas drogas e a incompreensión do gran público. Forrest Withaker, o actor que encarna a Charlie Parker, fai unha marabillosa interpretación, asemade que posúe un parecido físico abraiante co persoaxe real.

Woody Allen é outro dos directores que destaca polo seu amor ao jazz, en case todas as súas películas a banda sonora está trazada a ritmo de swing. Hai un músico moi especial para o director de *Manhattan*: Django Reinhardt; a súa guitarra soa en moitos films do neiorquino. Sydney Bechet e Benny Goodman son tamén referencias inesquecibles nas bandas sonoras de Woody Allen quen, como é ben sabido, posúe o seu propio grupo de jazz, co cal se atreve a facer xiras de carácter mundial. O amor de Allen pola música e só comparábel ao seu gusto polo cinema; de feito non acudiu a recoller o "Oscar" concedido a *Annie Hall* por mor de ter programado un concerto nun club de Nova York: algo que non foi ben acollido polo mundo do cinema, e aparencedo xa nas quinielas, desde entón, coma máximo candidato a non gañar ningún novo "Oscar."

"Elevador para o cadalso"

En 1957, Louis Malle logra crear unha obra mestra xuntando tres artes que cambiaron o século XX; cinema, novela negra e jazz. Esta notábel creación deu en chamarse *Elevador para o cadalso*. Malle realizou o film baseándose nunha espectacular novela negra de Noel Calef e Miles Davis compuxo a música; daquela Davis era o gran gurú do novo jazz, idolatrado por xentes da talla de Jean-Paul Sartre ou J. Cortázar que dicían escribir mentres escoitaban o magnífico trompetista....Aproveitando uns días libres, tras a cancelación dalgunhas actuacións en París de Miles Davis, os produtores do film, Jean-Claude Rappeneau e Marcel Romano, esperaron o músico na mesma escaleira do avión, decididos a persuadilo até que dixera si á súa proposta. Tres días despois, para sorpresa de todos, o famoso trompetista presentouse no estudo de montaxe para ver un pase privado do film, ao remate do cal só dixo unha palabra: "O.K." Parece ser que a actuación de Lino Ventura na fita foi fundamental para acceder a proposta. Logo de intensas sesións no propio cuarto onde se hospedaba, Davis levou adiante a gravación dunha das bandas sonoras máis influíntes do século pasado; a formación de músicos que o acompañaba era a seguinte: Barney Wilen, saxo, René Urtreger, piano, Pierre Michelot, contrabaixo e Kenny Clarke a batería.

Louis Malle non fala de música con Miles Davis, senón de situacións, tan só se limita a dicirlle onde quere a música, deixando liberdade creadora para o compositor, pois doutra forma sería imposible traballaren xuntos. Todo o mundo quedou satisfeito polo labor realizado, dende os músicos até o director e produtores da película, pero a complexa personalidade do trompetista americano levaríao a contestar cun escueto "E unha merda!" á pregunta de se volvería a participar nuha banda sonora. E así foi: Davis nunca máis compuxo música para películas e, en verdade, un cre que sería difícil superar a partitura de *Elevador para o cadalso*.

# Con Swing



## ENTREVISTA

*Cantos na maré* gravouse en directo o 16 de agosto de 2003, na primeira edición do festival. Como é que tardou dous anos en editarse?

-Todo ten o seu proceso. Neste caso, é un disco colectivo onde participan moitos artistas, polo que se necesitan os permisos das diferentes discográficas. É unha cuestión máis que nada burocrática, porque o disco estaba mesturado xa hai tempo. Houbo que ter un pouco de paciencia, pero por parte de todos os artistas houbo sempre a máxima dispoñibilidade, xa que é un proxecto onde temos moitas complicidades e afinidades. Dende o principio expliquei que esta ía ser unha festa da lusofonía, onde poñer en valor a lingua que nos une, e facer ritmos cálidos e festivos, fundir o alalá co forró de Brasil, a morna co fado,... Mesturar sabores e ver que tipo de prato sae.

-Na presentación do disco fala da visión do mundo que temos en común nas terras atlánticas, dende Galiza até Guiné Bissau, pasando por Portugal, Brasil ou Cabo Verde. Como se reflicte esta visión na música de todos os que teñen pasado polas tres edicións de "Cantos na Maré"?

-De moitas maneiras. E traballando, decátaste das semellanzas. No caso de Brasil, clarisimamente, polos galegos emigrantes que trouxeron ritmos de alí que tamén están integrados na nosa cultura musical. Pero o descubrimento máis importante é África. É o berce da música e alí está todo. Por exemplo, a música afrobrasileira estivo moi presente nestas edicións de *Cantos da maré*, o mesmo que a morna, que ten unha orixe moi similar a do fado, probablemente. Tamén os nosos alalás e as nosas rumbas teñen moito que ver coas terras de máis alá do Atlántico. Todo isto reflóctese nas propias cadencias dos ritmos, pero, sobre todo, na utilización da lingua, que ten unha serie de peculiaridades que nos unen. Evidentemente, Cabo Verde, Guiné Bissau ou Angola manteñen as súas propias linguas, afortunadamente. En *Cantos da Maré* tamén queremos preservar e incentivar o uso deses idiomas. Pero, sobre todo, incentivar o que nos une, o que fai que nos podamos entender na vida e na música. Porque a música é unha linguaxe universal e ten esa capacidade de aunar vontades.

-Aunar vontades foi o seu obxectivo cando comezou a deseñar este festival na súa mente?

-Eu sabía da existencia desas vontades de facer unha festa da lusofonía. Xa existen proxectos deste tipo en Portugal, pero aquí, exercendo desde Galiza como anfitrións, nunca se fixera e eu tiña moitas ganas. Sabía que ía ter moi boa aceptación, e parecíame que había que propiciar o coñecemento doutras voces, máis aló dos nomes consagrados. Na primeira edición contamos con Chico César, un dos nomes máis importantes do pop de raíces africanas en Brasil. Naceu no Estado de Paraíba e ten un xeito moi pecu-



A cantante Uxía Senlle.

## Uxía Senlle

# "Cantos na maré pode ser un punto de partida para a unidade panlusófona"

*O 16 de agosto de 2003, a praza da Ferrería de Pontevedra converteuse nunha festa: celebrábase a primeira edición de Cantos na maré. O espírito daquel concerto queda reflectido agora nun disco en directo, editado por Nordesía*

NATALIA ÁLVAREZ

liar de escribir cancións e facer músicas. Como eu sabía que entre os dous había boa sintonía, sentín que o primeiro ano tiña que estar el para que todo transcorrese ben. E iso notouse, porque ten un potencial comunicativo impresionante. El foi o director musical xunto co guitarrista Swami Jr. Nesa primeira edición tamén quería salienta a presenza galega, coa participación de Xavier Díaz, que vén de sacar un disco magnífico, e Batuko Tabanka, un grupo de mulleres de Cabo Verde que residen en Burela. Son as nosas caboverdianas, e a primeira edición de *Cantos na maré* non podería terse celebrado sen a presenza delas. Pero destacables son todos os participantes neste disco, que reflicte moi ben o que sucedeu aquela noite, e que

pode ser un punto de partida para unha unidade panlusófona onde Galiza estea presente co recoñecemento que merece. Mais, fundamentalmente, do que se trataba era de facer algo con vocación de continuidade, como así foi.

-Na última edición, que se celebrou o 17 de decembro pasado, actuou xunto con Renata Rosa, Narf e Tcheka. Volveuse vivir a mesma festa que se puido disfrutar o primeiro ano?

-Sempre. O primeiro é o primeiro e, como tal, é inesquecible. A verdade é que foi máxico. A segunda edición foi tamén moi interesante, e nesta última coído que a xente tivo a oportunidade de descubrir novos nomes. Des-

grazadamente non puidemos contar con Dulce Pontes, porque tivo un problema bastante grave de gorxa a última hora, pero si estivo Renata Rosa, de Brasil, que foi un descubrimento. É unha muller que traballa tamén coas músicas tradicionais do nordeste de Brasil, concretamente da zona de Pernambuco. É fascinante: baila, toca as percusións, e canta maravillosamente. Tamén estivo Tcheka, un novo talento de Cabo Verde cuxo disco está considerado como un dos mellores de música africana dos últimos tempos. E Narf, un novo talento noso, galego. Porque dende *Cantos na maré* queremos amosar tamén outras linguaxes que poidan conectar dun xeito máis directo coas músicas destes lugares. É o caso de Narf, que estivo en Mozam-

bique e que ten un proxecto cun grupo de alí, Timbila Muzimba, que virán aquí en maio.

-Ademais do que ll cômpre ao apartado musical, imaxino que tamén houbo un importante enriquecemento persoal e vital.

-Así é. Eu recomendo a toda a xente que experimente traballar colectivamente na música, porque inspira moito e a creatividade abrolla doutra maneira. E logo a amizade e os lazos que creas, que son para sempre. Non é un concerto máis, un festival máis. Para min é un encontro musical onde compartimos moitos ensaios, pero tamén vivencias. Créanse lazos que logo propician colaboracións futuras, porque é máis que música: hai moitas afinidades, preocupacións e proxectos comúns.

-Proxectos como o Instituto Cultural Casa de Beradêro, en Catolé do Rocha (Brasil), ao que irán destinados os beneficios desta edición.

-Exactamente. É un proxecto que creou Chico César, para que os nenos máis desfavorecidos da súa terra aprendan música. Parecíanos un bo obxectivo que os beneficios e royalties dos artistas foran destinados aí, e houbo un acordo xeral para que así fose. É un proxecto precioso. Chico é un entusiasta e leva moitos anos aí, aínda que con moitas dificultades económicas. Coido, ademais, que é algo moi común en Brasil que os artistas que poden incentiven ese tipo de causas. Aínda que as circunstancias son diferentes, creo que tamén nós poderíamos facer cousas polo estilo, porque os nenos son o futuro da música. Alí o entenden así e aquí, afortunadamente, temos tamén xente que está traballando moito dende a música tradicional e o folk.

-Nos últimos anos ten sido portavoz de "Nunca Máis", directora artística de "Cantos na Maré", funda o grupo Malvela... Pero para cando poderemos disfrutar dun novo disco de Uxía?

-Xa estou traballando no que é a preproducción, así que este ano hai novo disco. Tardou un pouco precisamente porque estou con centos de proxectos, todos eles moi gratificantes e enriquecedores. E, no fondo, todos eles van nutrido a miña música de experiencias, incluída a de "Nunca Máis", coa que quixemos recobrar unha dignidade que estabamos pedindo a berros. Malvela foi un dos proxectos máis bonitos e intensos que tiven na miña vida: tratar de facer dun grupo de mulleres da miña parroquia, un grupo con moito futuro, que agora mesmo está dando concertos e gravando dous discos xa. Levei a cabo máis proxectos, pero sen parar de traballar: sigo dando concertos, estou moito en Portugal, teño previsto ir a Brasil, e agora viaxo a Glasgow para participar no Celtic Connection. Creo que a vida debe ser así: un cúmulo de cousas, con tempo para descansar, naturalmente, pero sempre tentando crear proxectos que permanezan no tempo.

## Pulsións sentimentais

A de José Ángel Xesteira foi vocación tardía no eido da escrita de ficción. Xornalista de profesión, redactor moitos anos de FARO DE VIGO, non se estrearía como narrador ata pasado o medio século de veteranía, dando a coñecer no ano 2000 os relatos “Chao, moneca (ou, ¿como che vai, miña rosa?)” e “O manuscrito atopado na Ramallosa” no volume colectivo *Phiccións*, aos que seguirían máis tarde as novelas *Blues da ría* (2001), *Caldo de mares para homes libres* (2003) e aínda o libro de contos *Acompáño no sentimento* (2001).

Ve luz agora *Contos de familia*, conxunto de doce historias que teñen como nexo común a rememoración dun tempo pasado, o da longa e tristurenta Posguerra, na que acontecen as distintas tramas a través das cales o autor de Redondela, dende un autobiografismo de fondo compensadamente ficcionalizado, revisita os espazos da infancia e a mocidade.



### Coa familiar luz da memoria

ARMANDO REQUEIXO

Son, como anuncia o propio título, contos familiares, relatos nos que o sentimento de unión entre os consanguíneos e a nuclearidade do lar se erixen en impresionables esteos para comprender toda a cosmovisión tracexada nestas prosas.

Logo, xaora, cada argumento é da súa raza e igual comparecen historias das cicatrices carcerarias do republicanismo posbélico coma románticos sucedidos pagueos (“Viaxe á illa de ida e volta”, “Aquel home que chegou pola noite”), o mesmo aventuras de esforzados emigrantes de

noso (“Carta dende o Brasil”, “Un sombreiro pajilla de Montevideo”) que diesteanos narrares de voces e medos cervais (“Tres voces dentro dun cuarto”), mesmo o anecdotario de miserias e pequenas proezas cotiás ten cabida nas páxinas desta obra, protagonicenas estas cabras aleutas (“Historia dunha cabra”), culleres do tempo da Guerra de Cuba (“O que perdemos na guerra de Cuba”), afoutos estraperlistas (“Quedamos de vir ás nove, viñemos ás nove e media”) ou adorables rapaciñas loiras e descalficadas (“Adelaidiña e as cascas de ovos”).

Tras cada relato de *Contos de familia* hai sempre unha pulsión sentimental e memorística, a necesidade de recuperar ou revivir un tempo outro e as súas luzadas entre as sombras, os seus heroísmos de anónimo familiar que entretécen os retallos destas historias de Posguerra tan familiares, tan de nós, tan de sempre.

XESTEIRA, J.A., *Contos de familia*, Ed. Xerais, Vigo, 2005, 124 páxinas

## De Amores

### Nova entrega de Unión Libre

RAMÓN NICOLÁS

Chega xa á súa décima entrega a revista *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, e faino, tras a publicación dun monllo de heteroxéneas achegas monográficas coordinadas por Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, María Lopo, Olga Novo, Carme Junyent ou Kathleen N. March, verbo de asuntos tan dispares como mulleres escritoras, labirintos celtas, erotismos, negritudes, indíxenas, pacifismo ou a recente, e non menos atractiva, “Memoria antifascista de Galicia”, que xa comentamos no seu día en FARO DA CULTURA.

cabaleiro Tristán por outro; “Amor e feminismo. De Diótima a Emma Goldan”, nunha reflexión que asocia a que foi mestra de Sócrates no Banquete de Platón xunto coa anarquista e feminista libertaria Goldan; “Amor e vangarda. O amor tolo de André Breton”, completo ensaio que entrelaza a biografía do autor francés coa súa obra clave; “Amor e mundo lésbico: Virginia Woolf” no que se articula a posición de resistencia fronte ao patriarcal e a vindicación da identidade lésbica que defendeu a escritora; “Amor e mundo gai”, que segue o fío condutor da vida e mais da obra de Casey, escritor



Este caderno, así pois, que ademais ofrece un índice de autores e colaboracións dos dez números publicados até o de agora, ofrécese baixo o título xenérico de “Amores” e organízase en dous apartados xerais que maioritariamente recollen as intervencións que proceden do curso de verá “Amor e literatura”, celebrado no Campus Universitario de Lugo en 2004, baixo as denominacións de “Amores descritos” e “Amores escritos”. No primeiro deles acóllese colaboracións de María Lopo, Carmen Blanco, Olga Novo, Laura Lojo, Manuel Fernández Rodríguez e Claudio Rodríguez Fez que exploran, respectivamente, as temáticas de “Amor e celtismo. Da materia de Bretaña aos amores libres”, pescudando nas diferentes dimensións das historias amorosas que protagonizaron o rei Arturo, Xenebra e Lanzarote por un lado e Isolda, o rei Marc e o

cubano nacido en Estados Unidos e “Amor e desexo. O itinerario erovital de Luis Cernuda”, no que se deseña un cumprido percorrido bio-bliográfico de Cernuda. Pecha o apartado unha colaboración de varios autores centrada na temática de amor e psiquiatría.

A segunda sección ocúpaa a singular intervención poética titulada “Lobo azul”, de Emma Luaces, precedida dun limiar asinado por C. Blanco, e mais o poemario “Harmonía”, de Klaoda Abalamour que, xunto con texto de Tania Lamas, poñen o ramo a unha das revistas máis singulares e atractivas entre as do seu xénero.

VV. AA. *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, nº 10, Ed. do Castro, Sada, 2005, 118 páxinas

## Maremagnum

### Comunicación e discapacidade

LUCÍA SEOANE

Chega ata nós unha nova entrega —a que fai o número nove da súa traxectoria— da revista *Maremagnum*, “publicación galega sobre o trastorno do espectro autista”, que dirixe Cipriano Luís Jiménez Casas e que edita Autismo Galiza.

Nesta ocasión, a revista conta coa aportación de traballos que chegan da man de Evelyne Friedel —avogada no Colexio de Avogados de París e presidente de Autismo Francia— quen escribe acerca de “O dereito á asistencia médica das persoas autistas. Complemento do seu dereito á educación”; María José Paz Míguez e Clotilde Sineiro García, que traballan acerca da “Adquisición comprensiva do estado mental de ficción no autismo. Un estudo de caso”; Jesús Eirís Puñal, ao que debemos “O autismo na consulta de neuroloxía infantil”; Silvia Aurora Coriat —profesora da Universidade de Bos Aires— quen nos achega “Espazo habitado e construción do suxeito: Descifrando Interrelacións”;



Lois Celeiro Álvarez: “Literatura e Discapacidade”; Laura Huera Lejo —da universidade de A Coruña— e Cipriano Luís Jiménez Casas:

“Cine e discapacidade”; o profesor do Conservatorio Superior de Música de Vigo, Javier Jurado que mostra o seu traballo titulado “Educación musical e alumnos con discapacidade” e, desde Valencia, Pablo Menéndez López quen nos achega “Artes plásticas e discapacidade”.

Como se nos indica na “Editorial”, a comunicación cunha persoa con discapacidade non resulta imposible e non debe ser obrigatoriamente verbal. Polo contrario, a forma de comunicarse debe

ser sempre personalizada e, por conseguinte, adaptada a cada caso particular. A linguaxe require un amplo conxunto de capacidades e a comunicación ha de de consistir en producir no outro un efecto importante —é dicir, interesante—, un intercambio de informacións dirixidas á atención do outro.

De aí que se insista no feito de que cómpre que as persoas con discapacidade poidan comprender o significado das imaxes e dos obxectos. A comunicación non verbal ocupa, polo tanto, un papel esencial e a suma de traballos que se ofrecen nesta nova entrega de *Maremagnum* non fai senón incidir nesas apartados que se anuncian nas palabras limiares.

Finalmente, cómpre sinalar que *Maremagnum* quere, neste número, ofrecer unha sentida homenaxe ao poeta Fiz Vergara Vilariño —infelizmente desaparecido— quen sufriu unha grave enfermidade que “o facía sufrir tanto como o facía sufrir a inxustiza”.

VV. AA. *Maremagnum*, nº 9, Vigo, 2005, 206 páxinas

## LIBROS

## Casas de noso

## Urbanizacións difusas

ROMÁN PADÍN OTERO

A nova realidade cultural, económica e social do século XXI, vai acompañada de cambios nos modos de facer fogar. A finais dos anos setenta, co inicio da democracia o *desarrollismo* agrandou as cidades por cintos urbanos pestilentos, que agora chamamos “no places”. Hoxe en día, as cidades crecen difusas cuns novos e curiosos veciños, aqueles que non viven na cidade! Todos nós coñecemos xente que traballa na cidade e vive no campo, ou mesmo, xente que vive entre verde e dende alí fai traballo diferido. As casas desta nova poboación urbanita asentada no lecer do agro ou en microcosmos urbanos, cómo son? Teñen algo en común? Comparten estética?

Parece que si, e dende este libro abórdase a última arquitectura de Galicia, facendo reflexión sobre esta nova xeración que escolle o campo como lugar de primeira residencia. Estes novos residentes nun agro conectado por Internet gustan da austeridade nos espazos e do racionalismo nos amoblamentos, sendo asemade sensibles á ecoloxía.

Unha selección de 25 casas serve como escenografía deste novo estilo de vida en Galicia, ao que non é alleo o resto do planeta, mais do que na terra hai lúcidos exemplos.

En cada casa ou, o que é o mesmo, en cada capítulo, faise primeiro unha localización topográfica. A meirande parte das 25



vivendas están rodeadas de verdescentes fragas. Son unhas fermosas fotografías aéreas que recordan o cadro de Friedrich, “Paseante ollando un mar de nubes”.

De seguir aparecen as fotografías dos alzados das vivendas, xunta ós planos de cada arquitecto. A estética destes exteriores arranca ca cita á casa familiar en USA de Charles e Ray Eames. Estes dous creadores esencialistas e continuadores dun certo internacional style, parecen outorgar un manual de estilo para as construcións feitas na nosa terra ultimamente. Son edificacións exentas que aproveitan a luz e inventan amplas zoas comúns xunta elementais áreas de usos individuais. Acollen espazo de traballo e ocio sobre plantas en L ou reticulares.

UN VOLUME A DEMOSTRAR  
COMO AS NOVAS CASAS  
DOS GALEGOS PODEN SER,  
E SON, UNS ENDEREZOS  
CHEOS DE VIDA

Todos os proxectos teñen atractivas solucións espaciais, referiremos algúns deles a modo indiciario. De José Valladares aparece unha vivenda que destaca pola austera decisión en formas e materiais. Cáseque esvaciada coa paisaxe, permite gozar anonimamente do entorno dende os seus interiores cristalinos. Una escaleira cara ao tellado evoca a mellor arquitectura insular italiana dos anos trinta. De Xosé M. Rosales Noves, destaca o emprego da madeira no exterior da vivenda. O discurso de sombras entre os dous corpos da construción, produce decorados accidentais nas simples fachadas da casa.

No proxecto de Toni García, destaca o aproveitamento do encarecido solo edificable. A vivenda de reducida planta ten un muro vítreo que ilumina a sala principal ao mesmo tempo que ornamenta a estanza. Fai recordar a Matisse na igrexa de Vence.

O proxecto de Jesús Irisarri e Guadalupe Piñeira semella revisitar un alboio que converte en híbrido habitable sobre piares de pavillón ou piorno plastificado.

No libro retrátanse asemade os interiores das vivendas. Os materiais kitsch empregados nalgunhas arquitecturas involucionistas citadas no volume, serven de contrapunto para admirar o lúcido confort co que decoran os novos veciños do campo galego. As súas casas son cálidos fogares contemporáneos. No libro *A casa da vida*, Mario Praz relata como un capricho dunha tsarina rococó, a piques estivo de matar a uns forzados inquilinos, pois mandou edificar para eles unha casa de xeo. Cando a parella chegou ao xélido leito nupcial foi aquel un imposible tálamo de morte, da que os salvou a providencia As novas casas dos galeg@s son enderezos de vida!

GARCÍA, Toni (ed.) 25 Casas de Galicia, Ed. Espontáneas, A Coruña, 2005, 219 páxinas


## Contra Maquieiro

A potencia creadora  
dun clásico de noso

ROMÁN RAÑA

Por todos é sabido que a obra poética de X.L. Méndez Ferrín vai deseñando unha liña sinuosa onde comparecen e conflúen mundos diversos e ópticas distintas, mais que teñen en común esa peculiar e pertinaz toma de partido polos perdedores (eles, os que claman por unha xustiza histórica que xamais lles dá chegado). Xunto con esta proclama impetuosa veñen tamén da súa man outros elementos poéticos que podemos chamar decorado de fondo onde notamos o culturalismo de lecturas aplicadas dos grandes clásicos e, como non?, a pegada dos máis modernos renovadores de linguaxe universal dos versos (Ezra Pound á fronte). Resultado acabado do anteriormente dito foi *Con pólvora e magnolias*, arquetipo dun modo de poetizar que prendeu rapidamente nos novos escritores e que constituíu toda unha revolución. Xa se falou abondo desta obra, sinalando a complexa armazón dos seus temas e desideratos. Eu diría que nela aniñan as cicatrices máis íntimas urdidas nun tapiz de múltiples sentidos onde a melancolía non é o máis infrecuente dos sentimentos que alí atopamos. Despois doutros intentos intensos apareceu *Estirpe*, outro libro que supuxo un fito unánime e que quizais sexa a máis profunda achega do catálogo do noso autor. Eu diría que aquí Méndez Ferrín se adentrou no humus da patria, buscou a raíz de pedra dun país adormecido, os signos dunha identidade en perigo de extinción, a intrahistoria da historia, para pór os alicerces dun futuro que o pasado foi truncando con tenaz infortunio.

Podemos desfrutar, agora, do seu último traballo, *Contra Maquieiro*. O libro cumpre as expectativas do lector máis esixente pois entra de cheo nun mundo de



sórdido pasado e de áspera denuncia. Podemos percibir nos seus versos a acusación contra a plusvalía e o reparto inxusto da riqueza, aviso dun poeta que non renega do seu marxismo e que fai profesión de fe da súa ideoloxía política que o lector, evidentemente, pode facer súa ou non, pode asumir ou desbotar. Mais o que nunca porá en dúbida é a sinceridade arrebatadora con que nos mostra a peito espido ante os lectores: “Lémbrome eiquí daqués que mortos foron/polo ben ser do mundo e defraudados”.

ESTE NOVO POEMARIO  
DE X. L. MÉNDEZ  
FERRÍN VÉN CUMPRIR  
COAS EXPECTATIVAS  
DAQUELES LECTORES  
MÁIS ESIXENTES

Aqueles que padecen a historia, os que sofren nas carnes a explotación do home polo home, son invocados desde o amargor dos derrotados. Resucita o pasado en dolorosa invocación e, ante os nosos ollos, cunha poesía completa de referencias históricas e persoais, ás veces personalísimas, aparecen estremeceiros testemuños contra a barbarie, contra a implacábel impiedade dos bárbaros. Vexamos o exemplo do condenado a prisión: “Os da memoria túa vanche sempre rapados/polo calzón de penado, en marrón, que nunca arrincarás/da alma:/uniforme invisíbel e, no final, sudario.”

Noutras ocasións os poemas establecen crípticos enlaces cos episodios das vidas de personaxes reais e imaxinarios (en Ferrín sempre resulta delgada a fronteira que divide a realidade da ficción), conformando un espeso caleidoscopio de referencias cruzadas que se ramifican en repeticións e variacións ao modo dos leit motiven musicais, como pequenas células de intensidade lírica crecente: “Kohlaas, Castro, Penthesilea, Schoffenstein, celebraban con/vítors cabo do Pego Lobo no curso medio do Sorga/(non aquel de Petrarca ou René Char) tamén dito Ourille.”

Poesía expansiva, larvaria, concentrada en si mesma, fornecida da potencia creadora do autor, da que dimana con vehemencia un mundo corrosivo e corroído, carcomido polo oprobio, asfixiado pola indignación.

MÉNDEZ FERRÍN, X.L., *Contra Maquieiro*, Ed. Xerais, Vigo, 2005, 72 páxinas

Arriba: "Arkansas" (1936).  
Abaixo: "Louisville, Kentucky"  
(1937).

Logo do seu paso pola sala coruñesa da Fundación Caixa Galicia, chega a Lugo a mostra da fotógrafa norteamericana Margaret Bourke-White (Nova York, 1904-1971) que se pode contemplar na capital luguesa desde onte, 18 xaneiro, na sala de Caixa Galicia.

Margaret Bourke-White foi unha das máis sobranceiras figuras do fotoxornalismo norteamericano e como outras grandes figuras como é o caso de Walker Evans (1903-1975) ou Dorothea Lange (1895-1965) participou nun dos feitos que máis marcaron a historia da fotografía do século XX como foron as campañas promovidas pola administración do presidente Roosevelt para documentar a realidade do mundo rural norteamericano en pleno período de depresión, logo da caída da bolsa de Wall Street no ano 1929, campañas que estiveron a cargo da chamada *Farm Security Administration*.

Alén da súa actuación para a *Farm Security Administration* a fotógrafa realizou un número moi grande de campañas para *Life*, revista na que estivo en nómina desde os primeiros pasos da publicación. Mais os comezos da súa actividade como fotógrafa son anteriores ao traballo fotoxornalístico que documenta a realidade da depresión dos anos trinta, remóntase á década dos vinte na que o seu labor ten un primeiro recoñecemento ao desenvolver unha fotografía de temática industrial, realizada sobre todo en Cleveland (Ohio), resaltando a forza da maquinaria, con interiores de hidroxeradores, pranchas metálicas, mecanismos eléctricos... de fortes contrastes lumínicos, que nos transmiten unha sensación de culto á máquina común a unha parte da cultura vangardista das primeiras décadas do século pasado, o mundo de filmes como *Metrópole* de Fritz Lang, da arte futurista, etc.

A esta etapa sucédea a xa citada da *Farm Security Administration*, na que a súa obra reforza o carácter documental e na que as súas imaxes describen a pobreza das zonas rurais dos EEUU durante os anos trinta e nas que a fotógrafa centra o seu interese máis no individuo que no grupo para salientar as traxedias persoais por medio de recursos como o primeiro plano, non moi lonxe do estilo que desenvolve Dorothea Lange.

Nesta época salienta o traballo realizado co que sería o seu segundo marido, o escritor Erskine Caldwell. Cun enfoque documental, a fotógrafa realiza un repaso fotográfico do sur dos EEUU, plasmado nun libro elaborado en colaboración co seu home *You Have Seen Their Face* ("Vistes as súas faces"), 1937. Nesta altura leva a cabo outras obras que supoñen grande suceso: a análise desde unha perspectiva documental e sociolóxica dunha cidade americana, escollendo a pequena localidade de Muncie (Indiana); e a colaboración no primeiro número de *Life* (1936) no que aparece unha fotos sobre a construción dun grande encoro en Fort Peck (Indiana), nas que Margaret Bourke-White elabora un documento sobre as condicións de vida, que tivo unha ampla repercusión.

O traballo da fotógrafa ten continuidade durante a Segunda Guerra Mundial, na que seguiu os combates, para *Life*, en Italia, na Unión Soviética –único fotógrafo norteamericano no país en 1941, en plena invasión nazi- e Alemaña, retratando por exemplo a Stalin. Cómpre salientar a súa reportaxe sobre a liberación dos campos de exterminio nazis –un dos cumios da súa carreira profesional- e en xeral as fotografías dos derradeiros días de guerra na que realiza fotos como *Cadáveres dos funcionarios da Tesourería suicidados* (1945) cunha composición e iluminación que fai esluír as barreiras que separan o valor documental e a posta en escena cinematográfica ou teatral.

Logo da guerra a súa carreira continúa con series tan relevante como as dedicadas á guerra de Corea, á figura de Gandhi ou ao traballo nas minas de ouro de Sudáfrica. No caso de Gandhi a fotógrafa norteamericana conseguiu penetrar no mundo íntimo do líder da resistencia pacífica da India fronte ao colonialismo inglés, chegando a entrevis-



### Margaret Bourke-White en Caixa Galicia

CARLOS L. BERNÁRDEZ

talo e conseguindo imaxes tan plenas como *Mahatma Gandhi coa súa roca* (1946) ou *Mahatma Gandhi de paseo coas súas sobriñas* (1946); de feito poucas horas antes de ser asasinado o guieiro do pobo hindú, Margaret Bourke-White fixéralle unha entrevista e unha reportaxe fotográfica.

A obra de Margaret Bourke-White é pois a dunha testemuña do século XX coas súas conquistas e os seus dramas, convertendo a súa obra nunha auténtica galería de imaxes do século.

### Pioneira na técnica

Margaret Bourke-White foi innovadora no ámbito técnico; de feito foi unha das pioneiras na utilización do "sincroflash", un avance técnico que fixo posíbel acender diversas lámpadas de flash, situadas en puntos distantes da cámara e conectados a ela por medio de cables. Unha técnica que reforzaba, daquela, as fontes de iluminación e que a artista veu empregar en interiores mentres permanecía á espreita para captar xa o aceno procurado xa esoutro momento singular. Sen dúbida, todo un exemplo do rigor co que a fotógrafa abeira o seu traballo, sen que o inmediato e mais o sentido da oportunidade xornalística poidan limitar nunca o valor estético e esa capacidade de comunicación que toda obra debe tamén presentar.

# Imaxes dun século

## INFANTIL/XUVENIL

## Por narices

O típico conto clásico de sabor popular onde gañan os bos e perden os malvados ten en *Manda narices!* un bo exemplo. Á estrutura de presentación, nó e desenlace e ao esquema repetitivo de contidos, úneselle unha temática cun marcado acento oral-popular e remite directamente a personaxes, espazo e tempo propios do conto tradicional.


Ao morrer, o pai deixa as súas tres fillas en herdanza un pote vello e unha culler de pau. Primeiro a filla máis vella, logo a mediana e por último a pequena coinciden en considerar que o que sucede despois de remexer e remexer no pote vale un capital, unha fortuna e un imperio. Pero quere o destino, axudado pola curiosidade da máis pequena, que o príncipe de Tombo, valéndose do engano e as malas maneiras, se faga con estes prezados obxectos. Cando xa a pequena o daba todo por perdido, descobre no bosque unhas árbores que teñen poderes máxicos e utilízaas para recuperar o que era seu. A cobiza e a avaricia do príncipe fai que perda o que gañara con trampas e quede para toda a vida

## Con xustiza solidaria

MARÍA NAVARRO

cun rostro máis que desagradable do que sobreesae, como non, o seu enorme nariz.

Unha vez máis OQO Editora, nese intento de dar a coñecer retallos doutras culturas, presenta na súa co-



lección "Contos a pedir de boca" unha manifestación literaria popular do Canadá; neste caso trátase dunha variante recollida en Quebec e de remota orixe europea que se combina con outras versións alemás e que adapta na súa forma en galego Paco Liván. O ilustrador, o ourensán Iván Prieto, ofrece a través da técnica do collage a súa interpretación do texto enriquecendo a lectura con múltiples matices que non pasarán inadvertidos ao lector.

O resultado vén a ser un conto ameno e divertido no que a tensión crece por momentos facendo que o suspense sexa unha das compoñentes máis interesantes do relato. Unido a isto, a astucia e o sentido da xustiza do personaxe encarnado pola filla máis nova e a solidariedade que manifestan as irmás en situacións adversas preséntanse como valores positivos que de seguro captarán os rapaces.

LIVÁN, Paco e PRIETO, Iván, *Manda narices!*, OQO Editora, Pontevedra, 2005, 48 páxinas

## As formas

Un dos primeiros xogos que adoitan ter os meniños e meniñas en case que todos os lugares do mundo civilizado a partir dos dous ou tres anos consiste nalgunha sorte de obxecto, na actualidade atópanse das máis diferentes formas e cores, que motive e facilite o coñecemento das formas xeométricas e que ao mesmo tempo incida na capacidade de relacionar estas con obxectos da vida cotiá. A Nosa Terra vén de publicar o correlato literario desta clase de xogos, un libro baseado no ensino das formas xeométricas máis familiares dun xeito doado e divertido cargado de moitos trazos humorísticos.

O protagonista indiscutible é Antón, un neno que goza aprendendo e que xa dende o comezo resultará simpático para os lectores quen moi axiña se identificarán con el. Antón ten un rato que atopou un día nun zapato que se chama Pompón e, ademais, vive tamén acompañado duns seres pequeniños chamados Pelelliños que xogan con el e son os encargados de levalo na súa viaxe polas formas.

Os pelelliños de Antón van caendo en diferentes situacións provocadas polo seu gusto de imitar todo canto ven. Se están ante unha moeda poranse coma un círculo, se ollan un cadro volveranse cadrados, se o que ven é un anaco de pizza converteranse

## De Antón e Pompón

PAULA FERNÁNDEZ



en triángulos e así relacionarán toda unha serie de obxectos coñecidos e familiares coa forma xeométrica que máis se lles pareza.

O xeito que ten de contar o autor todo o que acontece é moi coloquial e non presenta ningunha dificultade léxica nin estrutural para primeiros lectores. Para facer do libro algo atractivo para os nenos ao anterior hai que lle engadir a musicalidade dos nomes, o gracioso das metamorfoses e a calidade das ilustracións que fan apreciar mellor eses cambios dos pelelliños.

Trátase entón dun libro que pretende cumprir varias funcións. Por unha banda estará a primordial nunha obra literaria; mellorar o interese e a competencia de quen le no mundo da lectura, por outra, unha compoñente educativa que contribúe a mellorar a capacidade de relación dos rapaces e rapazas, ao tempo que coñecen unha serie de conceptos que seguirán a empregar o resto das súas vidas, e, finalmente a compoñente lúdica, esa que fai identificar o libro cun obxecto de divertimento e que se fai evidentemente práctica cando ao final Antón e Pompón dan as instrucións para realizar cada unha das figuras.

FARIÑA, Anxo, *Antón e Pompón*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2005, 22 páxinas

## ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

## Pomerania meu amor

Heidi Kühn-Bode

Edicións Espiral Maior. 225 páxinas

Novela de guerra e de amor escrita seguindo a tradición expresiva da mellor música sinfónica do século XX, *Pomerania meu amor* é a historia dunha saga familiar co pano de fondo da II Guerra Mundial e a Alemaña nazi. Utiliza unha linguaxe directa e transparente, realista e dramática: evolución en espiral que toca o corazón dos lectores. A Pomerania soñada e amada e a Galiza vi-

vida, ambas as dúas engarzadas nun perfecto círculo existencial no tempo. Fillas e neta de refuxiados de Pomerania e Besarabia (actualmente Moldavia), a colonia alemana de Romanía, Heidi Kühn-Bode reside na cidade de A Coruña dende hai anos, integrada activamente na cultura e na literatura galegas e desenvolvendo a súa actividade nos eidos da creación literaria e a docencia.



## Cantos de Maldoror

Conde de Lautréamont

Edicións Laiovento. 239 páxinas

Durante máis de cen anos no se soubo case nada da súa biografía, e se non foras polas prosas de Rimbaud, *Cantos de Maldoror* sería un libro único polo seu carácter diabólico e estraño, cruel e penoso, como suliñaría Rubén Darío. É sobre todo a partir dos anos 70 do século XX, cos traballos de François Caradec, Jean-Pierre Lasalle e

Jacques Lefrère, que comezan a se coñecer datos dun dos poetas máis misteriosos da literatura francesa. Isidore Ducasse (Montevideo 1846-París 1870) residiu en Montevideo, en Pau e en París, *Os Cantos de Maldoror*, publicado co pseudónimo de conde de Lautréamont, apareceu en 1868. A tradución ao galego é de Xesús González Gómez.



## O dragón voador

Anxo Fariña

Edicións A Nosa Terra. 30 páxinas

O neno Breogán, Don Quixote e Sancho Panza coñecen a Furaventos Escachanubes, un dragón máxico que gosta de roubarlle á xente das vilas. Don Quixote decide ir loitar co monstro, e mentres Sancho só pensa en como saberá un dragón asado, Don Quixote pula dende o alto para pelexar contra Furaventos

Escachanubes, que o ten atrapado co seu corpo. O que aconteceu en realidade é que Don Quixote confundira o dragón cun papavento. Breogán tivo que acudir na súa axuda apoiado noutro papavento. Os dous caeron ao chan levantando unha gran poeira, pero contentos de se teren salvado.



## Tita

Concha Blanco

Editorial Everest. 79 páxinas

Tita é a terceira avoa que teñen moitos nenos. Ela coída da casa e de todas as persoas que nela viven dende hai moito tempo. Un día, Fina descobre que a tita xa non está con eles e énchese de tristura, pois non sabe onde pode estar

ou que lle puido ocorrer. A preocupación vai dando paso á sorpresa e, logo, á alegría de descubrir que o tempo non envellece as gañas de facer da vida un eterno comezo. As ilustracións son de Noemí López.



Hai menos dun mes puidemos gozar en Vigo, na “Fábrica de Chocolate”, da presentación na Galiza do hip-hop de Black Alien, rapeiro brasileiro que veu apresetar o seu primeiro traballo en solitario, *Babylon by Gus-Vol. 1-O Ano do Macaco*, desque abandonara os Planet Hemp, no ano 2000: banda que lle permitiu convertese nun dos expoñentes sobranceiros da nova música do Brasil. Non era a primeira vez que un dos membros da xa mítica formación visitaba o país, pois haberá agora un ano Bnegão, coa súa nova banda, Os Seletores de Frequência, fixo un oco na súa mini-xira europea, que o levou tamén a Londres e Berlín, para deitar unha lección musical no “Aturuxo” de Bueu, local que xa vai para dez anos que mantén unha programación cultural inigualábel, colocando á vila do Morrazo no mapa musical europeo. Ambos os dous, Black Alien e mais

dunha banda que cantaba á legalización da *maconha* -a marihuana-, á vez que erguía a voz para criticar con dureza as actuacións duns políticos máis preocupados do seu arriquecemento persoal que de traballaren a prol do desenvolvemento do país.

Cunhas pautas xa ben definidas dende o seu disco de estrea, *Usuário*, publicado no 1995 por Sony Music, que traxeran un camiño equidistante do rap e do rock, -na liña do que estaban a facer daquela os Beastie Boys nos EEUU-, coas devanditas letras comprometidas, coma “Legalize já” ou

“Porcos Fardados”, moi crítica coa violencia policial, os Planet Hemp axiña se converteron nunha das bandas de máis sona do país, con 150.000 copias vendidas e chegando xa daquela a compartir escenario cos devanditos Beastie Boys ou os Cypress Hill. De todos os xeitos, o pulo definitivo á súa carreira chegoalles con *Os cães ladram mas a caravana não pára*, (1996), traballo onde salientaba a excelente e polémica “Queimando Tudo”, que levou a grupos conservadores de moitas rexións do Brasil a boicotear actuacións da banda. Mais se a intención das autoridades brasileiras era rematar da vez co grupo, o tiro foi errado xa que, para alén de soar nas



Bnegão, non son máis que dúas das pó-las en que xebrou Planet Hemp despois dunha disolución non “oficial”, mais que mantén o grupo sen sacar material novo dende o ano 2000, aínda que mantiveron as súas actuacións até o ano 2003, en que chegaron a tocar no festival portugués de Vilar de Mouros. Para alén destes dous nomes, Marcelo D2, creador do grupo, xunto ao finado Skunk, segue a dar mostras da vitalidade musical dun país, o Brasil, que foi quen de re-interpretar con calidade de seu o novo estilo musical que nacera nos barrios negros de Nova York. Porque, lonxe das imitacións insípidas que eivan a escena hip-hop europea, nas favelas dos morros que arrodean a cidade de Río de Xaneiro e outras urbes brasileiras o rap atopou unha segunda morada e fusionouse coa raíz musical dos brasileiros, de tamén innegábel orixe africana, para xurdir poderoso, con sentido nas súas rimas que falan dunha sociedade inxusta que pode-

# Universo Hemp

*Brasil, Hip-Hop, Brasil*

DANIEL LAVESEDO

mos reconecer nos filmes de Fernando Meirelles, *Cidade de Deus*, ou Helvécio Raton, *Radio Favela*. Mais este Brasil esperanzado de Lula non se semella moito, malia os seus aínda graves atrancos sociais e económicos, ao país que ficou abraiado, hai trece anos xa, coa aparición na súa escena musical dos Planet Hemp. Pois cando Marcelo D2 e Skunk uniron as súas voces á música de Rafael, Formiga e Bacalhau e comezaron a se apresetar en salas pequenas das principais cidades do país a clase política do Brasil non deu aturado a irrupción

## “La fábrica de chocolate”

emisoras de radio e atoparse nos primeiros postos das listaxes de vendas, os Planet Hemp comezaron a copar tamén os telexornais. Foi despois deste segundo disco cando Bnegão saíu do grupo, incorporándose a voz de Gustavo “Black Alien”, e tamén cando coa entrada do DJ Zé Gonzales e Apolo 9 a banda consolidou a súa formación. A partir deste traballo, e malia a aparición aínda de dous discos máis: *A Invasão do Sagaz Homem Fumaça*, (2000) e o recopilatorio *Planet Hemp – MTV ao vivo 2001*, (2001), editado en CD e DVD, a traxectoria do grupo vai esmorecendo e deixando abrollar as carreiras en solitario dos seus membros que, agás Bnegão, camiñan máis perto do hip hop, e mesmo do samba, que da equilibrada mistura que practican con Planet Hemp.

O concerto que o rapeiro brasileiro Black Alien deu na cidade de Vigo, acarón do grupo local Kinki Reggae Clube, foi un dos máis destacados do 2005 en “La Fábrica de Chocolate”, sala de concertos situada na rúa Roxelio Abalde e que vén pechar o triángulo sonoro conformado xunto a xa vetera “La Iguana Club”, que celebrou hai pouco o seu décimoquinto aniversario, e máis ao “Reserva Rock”, triángulo que presenta, seguramente, a mellor oferta musical de toda a Galiza. Porque na súa recente vida -“La Fábrica de Chocolate” está a facer actuacións ao vivo dende xuño de 2005-, este local mantén unha moi prolífica actividade, aberta a todo o abano musical imaxinable agás quizais á música tradicional e folc, que permitiu que na cidade olívica os seareiros da boa música en directo tiveran a oportunidade de ollar enriba do escenario a bandas coma Trem Fantasma, Slim Jim Phantom, Brian Hooper e recentemente, Segismundo Toxicómano, La Habitación Roja, os americanos The Posies ou os portugueses Mão Morta. Cunha cadencia de concertos que había tempo non se miraba na cidade de Vigo, con por exemplo 16 actuacións no pasado mes de decembro e xa 7 confirmadas para o presente mes de xaneiro, o labor que están a desenvolver dende esta sala lle está a permitir que en moi pouco tempo se converta nun referente incluíble da música ao vivo da cidade e do país, abonda mirar a nómina de grupos que xa pasaron polo seu escenario e que se vén de pechar polo de agora coa histórica actuación da banda neiorquina The Fleshtones, noutronte martes, co gallo do aniversario da irmá pequena da sala, a cervexaría pop “La Casa de Arriba.”